



ANUNCIO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO DE CABO EXTINCIÓN DE INCENDIOS (QUENDA LIBRE) DA O. E. P. DOS ANOS 2020, 2021 E 2022 POLO PROCEDEMENTO CONCURSO – OPOSICIÓN (expediente nº 46472/220)

En data 02 de decembro de 2025 o Órgano de Selección, por unanimidade, polos motivos expostos no informe xurídico de data 02/12/2025, emitido pola Secretaria do Órgano dando cumprimento ao disposto na Base Xeral Décimo Oitava (*INCIDENCIAS*), parágrafo 4º, Bases publicadas no BOPPO nº 107, de 03/06/2024, que rexen o devandito proceso selectivo, adoptou o seguinte **ACORDO**:

I.- ESTIMAR PARCIALMENTE a reclamación presentada polo aspirante **CORBACHO RODRÍGUEZ ADRIÁN** (DNI 531***63T), Doc. nº 250340323, data presentación reclamación 26/11/2025, no sentido de outorgarlle 05,20 puntos totais polo concepto *EXPERIENCIA*.

II.- MODIFICAR de oficio a puntuación outorgada polo concepto “*FORMACIÓN*” na fase de concurso a **CORBACHO RODRÍGUEZ ADRIÁN** (DNI 531***63T), quedando fixada en 02,80 puntos.

III.- OUTORGAR a **CORBACHO RODRÍGUEZ ADRIÁN** a seguinte **puntuación total**:

APELIDOS	NOME	DNI	EXPERIENCIA	FORMACIÓN	PUNTUACIÓN TOTAL
CORBACHO RODRÍGUEZ	ADRIÁN	531***63T	05,20	02,80	08,00

IV.- Unicamente contra este aspecto do acordo (punto II- rebaixe puntuación formación), CORBACHO RODRÍGUEZ ADRIÁN poderá interpoñer **RECLAMACIÓN no prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir do seguinte á data da súa publicación na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios segundo se establece na Base Xeral Décimo Oitava (incidencias).**

A SECRETARIA
Rosa Ana Garcinuño Barreiro
(data segundo sinatura dixital)



ASUNTO: INFORME XURÍDICO DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS POLOS ASPIRANTES ÁS PUNTUACIÓNS ASIGNADAS NA FASE DE CONCURSO DO PROCESO CONCURSO OPOSICIÓN CABO EXTINCIÓN DE INCENDIOS POLA QUENDA DE LIBRE DA O. E. P 2021-2021-2022 - 2ª FASE - DO CONCELLO DE VIGO (EXP. ADM. 46472-220)

Dando cumprimento ao disposto na Base Xeral Décimo Oitava (*INCIDENCIAS*), parágrafo 4º, Bases publicadas no BOPPO nº 107, de 03/06/2024, que rexen o devandito proceso selectivo, emítese o seguinte **INFORME XURÍDICO** que se eleva ao Órgano de Selección para a súa consideración:

Tendo sido publicadas en data 21 de novembro de 2025 na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios as puntuacións provisionais asignadas aos aspirantes polo Órgano de Selección na fase de concurso,

Dentro do prazo legal de **tres (3) días hábiles**, a contar dende o seguinte ao da publicación dos devanditos anuncios, interpuxeron, en tempo e forma, reclamacións en relación coas puntuacións que lles foron provisionalmente asignadas o seguinte aspirante

- **CORBACHO RODRÍGUEZ ADRIÁN (DNI 531***63T):**

Reclamación ao Proceso Selectivo Cabo Extinción Incendios, QUENDA LIBRE (Exp. Adm 46472-220), Doc. nº 250340323, data presentación reclamación 26/11/2025

- *Alega:*

Solicita que se lle valoren 51 meses no apartado “Experiencia” por servizos prestados como bombeiro. Asemade, non está conforme coa puntuación por “Formación” por canto manifesta que ten mais de 1.200 horas de formación realizadas.

- *Motivación da proposta:*

Con data 27/04/2025 (Doc. nº 250096684), Don Adrián Corbacho Rodríguez presentaba solicitude para participar no concurso - oposición de Cabo Extinción Incendios pola quenda libre. Coa solicitude achegaba o aspirante copia dos diplomas dos cursos de formación realizados, solicitando que lle foran valorados. Ditos cursos de formación son os seguintes:

1. Curso Teórico-Práctico para funcionarios de novo ingreso no Servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento, impartido por el Centro de Formación Integral de Emerxencias (SEGANOSA), cunha duración de 160 horas lectivas, e realizado entre os días 19/07/2022 e 31/08/2022: **0 PUNTOS**
2. Curso con dilixencia de homologación da AGASP de “Rescate en lámina de agua”, organizado por “Verticalia Servicios de Formación y Consultoría, S.L”, cunha duración de 40 horas lectivas, e realizado os días 22 ao 26 de maio de 2023: **00,40 PUNTOS**
3. Curso de “Básico de protección civil”, organizado pola **AGASP- Xunta de Galicia**, cunha duración de 32 horas lectivas, e realizado en liña dende o 19/10/2020 ao 06/11/2020: **0,40 PUNTOS**
4. Curso de “Especializado na loita contra incendios forestais para brigadas”, organizado pola **AGASP - Xunta de Galicia**, cunha duración de 16 horas lectivas, e realizado en Pontearas os días 16, 17 e 18 de xullo de 2019: **0,20 PUNTOS**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/12/2025 14:17	Páxina 2 de 5
46472-220	CSV: A8A5DH-C5ABBB-4D3C38-12HSFH-KB2LWC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

5. Curso de “Intervención en emerxencias para o persoal dos GES”, organizado pola **AGASP - Xunta de Galicia**, cunha duración de 70 horas lectivas, e realizado dende o 10/08/2021 ata o 02/09/2021: **0,60 PUNTOS**
6. Curso de “Loita contra incendios en buques atracados a porto”, organizado pola **AGASP - Xunta de Galicia**, cunha duración de 40 horas lectivas, e realizado en Villagarcía de Arosa os días 27-28-29-30-31 de marzo de 2023: **0,40 PUNTOS**
7. Curso de “Seguridade na extinción de incendios forestais”, organizado pola **AGASP - Xunta de Galicia**, cunha duración de 12 horas lectivas, e realizado os días dende o 16/11/2020 ao 30/11/2020: **0,20 PUNTOS**
8. Curso “Primeros Auxilios”, organizado pola **AGASP - Xunta de Galicia**, cunha duración de 12 horas lectivas, e realizado en Mondariz os días 7 e 8 de novembro de 2019: **0,20 PUNTOS**
9. Curso “Intervención con risco eléctrico”, organizado pola **AGASP - Xunta de Galicia**, cunha duración de 21 horas lectivas, e realizado os días do 16/10/2023 ao 09/11/2023:..... **0,20 PUNTOS**
10. Curso “Intervención con vehículos especiais”, organizado pola **AGASP - Xunta de Galicia**, cunha duración de 24 horas lectivas, e realizado os días do 15/05/2023 ao 13/06/2023: **0,20 PUNTOS**
11. Curso “Nivel Básico de prevención de riscos laborais”, organizado polo Servizo de Prevención de riscos laborais do Concello de Vigo, en modalidade semipresencial, cunha duración de 50 horas lectivas,e realizado en Vigo de agosto a setembro de 2022 **0 PUNTOS**

TOTAL POR FORMACIÓN 02,80 PUNTOS

I) Revisada a puntuación outorgada polo concepto “EXPERIENCIA”, consta que o Órgano de Selección otorgou a ADRIÁN CORBACHO RODRÍGUEZ un total de 03,30 puntos por 33 meses traballados (33 meses e 6 días) no Concello de Vigo como bombeiro (33 meses X 0,10 puntos cada mes = 03,30 puntos por experiencia).

Revisada a documentación presentada por este aspirante en prazo (27/04/2025) consta Certificación de servizos prestados asinada polo Xefe de Sección de Xestión e Persoal da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia conforme Corbacho Rodríguez traballou como bombeiro forestal durante 18 meses e 28 días nesa Consellería (18 meses X 0,10 puntos cada mes = 01,80 puntos por experiencia).

Esto fai un total de 33 meses + 18 meses + 6 días Vigo + 28 días Consellería = 52 meses de servizos prestados que deberán valorarse a razón de 00,10 puntos por mes, **TOTAL de EXPERIENCIA 05,20 puntos.**

II) Revisada a puntuación outorgada polo concepto “FORMACIÓN” cómpre aclarar ao aspirante que o Curso Teórico-Práctico para funcionarios de novo ingreso no servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento, impartido polo Centro de Formación Integral de Emerxencias (SEGANOSA), cunha duración de 160 horas lectivas, e realizado entre os días 19/07/2022 e 31/08/2022 non se valora como mérito neste concurso-oposición.

Segundo os datos que obran na Área de RRHH, a Xunta de Goberno Local, na sesión de data 08/07/2022, acordou nomear funcionario interino con cargo á praza vacante de bombeiro incluída na OEP 2021 a A. Corbacho Rodríguez, integrante da lista de reserva derivada da execución da OEP 2017-18-19. O citado aspirante tomou posesión como funcionario interino o día 15/07/2022, quedando suxeito á *obriga inexcusable de superar o PRECEPTIVO curso de carácter teórico-práctico* establecido na Base IX das



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/12/2025 14:17	Páxina 3 de 5
46472-220	CSV: A8A5DH-C5ABBB-4D3C38-12HSFH-KB2LWC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Específicas que rexeron o proceso selectivo para a provisión das prazas de bombeiro incluídas na OEP 2017-18-19.

Segundo consta na acta da sesión de 27/09/2022 da comisión especial de valoración do curso selectivo, Corbacho Rodríguez realizou a formación práctica entre o 15/07/2022 e o 31/08/2022. Na dita acta figura como PROGRAMA teórico práctico do curso selectivo o seguinte (total de horas de formación para bombeiros 160 h + 99 h = 259 h):

- Curso teórico-práctico de 160 horas, realizado nas instalacións de SEGANOSA.
- A seguinte formación teórico práctica no Parque Central de Bombeiros de Teis cun total de 99 horas:
 1. Curso Básico de prevención de riscos laborais de 50 horas semipresenciais, impartido por Aspy Prevención, S.L.U.
 2. Curso de riscos e medidas preventivas asociadas ao posto de traballo bombeiro/conductor de 8 horas, impartido por Aspy Prevención, S.L.U.
 3. Coñecemento e manexo de EPIS.
 4. Manexo de ERAS e manexo de rampla e compresor de aire.
 5. Coñecemento e manexo de equipos de excarcelación.
 6. (...)

O Curso Teórico-Práctico para funcionarios de novo ingreso no servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento ten un carácter obrigatorio, integral e habilitante, sendo concebido para garantir que o persoal adquiera as competencias, aptitudes e coñecementos necesarios para desenvolver con seguridade e eficacia as funcións propias do servizo. A superación satisfactoria do curso constitúe un *requisito imprescindible* para a obtención do nomeamento definitivo e para o exercicio operativo das funcións como bombeiro. A súa asistencia é obrigatoria e as probas de avaliación deben ser superadas conforme aos criterios establecidos.

No apartado “FORMACIÓN” do presente concurso-oposición valóranse cursos de formación de realización VOLUNTARIA polos aspirantes, non se valora o Curso Teórico-Práctico para funcionarios de novo ingreso por constituír un requisito imprescindible (preceptivo) para a obtención do nomeamento definitivo e para o exercicio operativo das funcións como bombeiro.

Este é o criterio deste Órgano de Selección aplicado por igual (art. 14 CE) a **TODOS** os aspirantes que participan no proceso selectivo, tanto pola quenda libre como por promoción interna.

Valorar como formación este Curso Teórico-Práctico para funcionarios de novo ingreso daría lugar a unha “*dobre valoración*” (vid STS da Sala 3ª, nº 1541/2023, de 22 de novembro), xa que o Órgano de Selección xa está a valorar a experiencia profesional, experiencia que non tería acadado de non ter superado ese curso.

O Curso “Nivel Básico de prevención de riscos laborais”, organizado polo Servizo de Prevención de riscos laborais do Concello de Vigo, en modalidade semipresencial, cunha duración de 50 horas lectivas, e realizado en Vigo, de agosto a setembro de 2022, non debe valorarse por estar dentro da formación teórico práctica preceptiva para funcionarios de novo ingreso realizada no Parque Central de Bombeiros de Teis tal e como se expuso anteriormente.

- PROPOSTA:

I.- ESTIMAR PARCIALMENTE a reclamación presentada por CORBACHO RODRÍGUEZ ADRIÁN (DNI 531***63T), Doc. nº 250340323, data presentación reclamación 26/11/2025, no sentido de outorgarlle 05,20 puntos totais polo concepto EXPERIENCIA.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 02/12/2025 14:17

Páxina 4 de 5

46472-220

CSV: A8A5DH-C5ABBB-4D3C38-12HSFH-KB2LWC-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

II.- MODIFICAR de oficio a puntuación outorgada polo concepto “FORMACIÓN” na fase de concurso a CORBACHO RODRÍGUEZ ADRIÁN (DNI 531***63T), quedando fixada en 02,80 puntos.

III.- OUTORGAR a CORBACHO RODRÍGUEZ ADRIÁN a seguinte puntuación total:

APELIDOS	NOME	DNI	EXPERIENCIA	FORMACIÓN	PUNTUACIÓN TOTAL
CORBACHO RODRÍGUEZ	ADRIÁN	531***63T	05,20	02,80	08,00

IV.- Unicamente contra este aspecto do acordo (punto II- rebaixe puntuación formación), CORBACHO RODRÍGUEZ ADRIÁN poderá interpoñer RECLAMACIÓN no prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir do seguinte á data da súa publicación na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios segundo se establece na Base Xeral Décimo Oitava (incidencias).

A SECRETARIA DO ÓRGANO DE SELECCIÓN
XEFA DO SERVIZO DE SEGURIDADE

Asdo: Rosa Ana Garcinuño Barreiro

(Data segundo sinatura dixital que consta ao marxe)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/12/2025 14:17	Páxina 5 de 5
46472-220	CSV: A8A5DH-C5ABBB-4D3C38-12HSFH-KB2LWC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		